

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Copia do libro de vacinas ou Certificado médico de estar correctamente vacunado e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa.
- 2 Fotografías tamaño carné co nome e apelidos escrito por detrás. Se repites curso só 1 fotografía.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Autorización para a asistencia ás actividades complementarias gratuítas programadas polo Centro. **Cubrir o cadro correspondente.**
- Autorización para o manexo da imaxe do/a alumno/a con fins educativos. **Cubrir o cadro correspondente.**
- Cadro de indicacións de saúde do/a alumno/a. Non se precisa certificado médico. **Cubrir o cadro correspondente.**
- Copia da sentenza de divorcio/convenio regulador en caso de divorcio dos proxenitores. **Cubrir o cadro correspondente.**

CLÁUSULA DE INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXES POLO CENTRO EDUCATIVO CURSO 2023/2024 (Menores de 14 anos)

D./Dna.:, con D.N.I.:, na miña condición de representante legal do alumno/a, autorizo o tratamento da súa imaxe en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web, blogs e RRSS do centro, na aula virtual, en plataformas de videoconferencia utilizadas polo centro, contornas, aplicacións, servizos de mensaxería ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube e no uso doutras ferramentas dixitais aprobado polo IES Breamo. Tamén na revista escolar e en medios de comunicación no curso escolar 2023/24.

A presente autorización, de carácter gratuíto, non está sometida a ningún prazo temporal nin restrinxida a ningún ámbito xeográfico determinado (autorizando a posible transferencia internacional de datos derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores), salvo o disposto legalmente. Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

Asdo. (pai/nai ou titor legal) (Deben asinar ambos en caso de separación ou divorcio)

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS CURSO 2023/2024

D/Dna.:, con DNI: autorizo ao meu fillo/a á participación en actividades complementarias gratuítas dentro do horario lectivo, previo aviso escrito e/ou a través da aplicación Abalar.

Asdo. (pai/nai ou titor legal) (Deben asinar ambos en caso de separación ou divorcio)

Información médica nun sobre pechado dirixido á Dirección do Centro no caso de que o/a alumno/a padeza calquera tipo de limitación fisiolóxica ou funcional, enfermidades infecto-contaxiosa, proceso alérxico, intolerancia alimentaria ou diabetes. En caso de calquera outra patoloxía que considere que sexa importante coñecer no Centro entregar tamén documentación en sobre pechado dirixido á dirección do centro.

Se presenta información médica indique a continuación se o/a alumno/a está dado de alta no programa de Alerta Escolar.

- Si está dado de alta no programa de Alerta Escolar.
- NON está dado de alta no programa de Alerta Escolar.

CUBRIR EN CASO DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO			
Patria potestade:	<input type="checkbox"/> Pai	<input type="checkbox"/> Nai	<input type="checkbox"/> Ambos
Custodia:	<input type="checkbox"/> Pai	<input type="checkbox"/> Nai	<input type="checkbox"/> Ambos
Envío de información por parte do/a titor/a:	<input type="checkbox"/> Pai	<input type="checkbox"/> Nai	<input type="checkbox"/> Ambos
Enderezo e teléfono do pai:			
Enderezo e teléfono da nai:			

Segundo a **Instrución conxunta 9/2017** da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída do alumnado escolarizado nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega, ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar, os pais, nais ou representantes legais do alumnado terían que vir traer e buscar ao centro ou á parada do autobús (no caso que use o transporte escolar) as súas fillas ou fillos salvo que presenten unha autorización expresa ao respecto ante a dirección do centro.

Todos aqueles pais, nais ou representantes legais que non vaian traer ou recoller os seus fillos ou fillas á saída do centro ou na parada do autobús deben asinar a seguinte autorización:

Se non usa o transporte escolar:

AUTORIZACIÓN PARA A ENTRADA E SAÍDA DO CENTRO EDUCATIVO - CURSO 2023/2024	
D./D ^a _____ con DNI _____ como pai/nai/representante legal do alumno/a _____ do curso _____ grupo _____ deste Instituto, autorizo a súa saída do centro todos os días do curso ao rematar as clases ás 14:10 horas e os martes pola tarde ás 17:50 horas, facéndome eu responsable do alumno/a a partir desa hora e eximindo o centro e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade de calquera responsabilidade de danos ou lexiões indemnizables que poida sufrir.	
O pai/representante legal.	A nai/representante legal.
Asdo. _____	Asdo. _____

Se usa o transporte escolar:

AUTORIZACIÓN PARA A ENTREGA OU RECOLLIDA NO TRANSPORTE ESCOLAR - CURSO 2023/2024	
D./D ^a _____ con DNI _____ como pai/nai/representante legal do alumno/a _____ do curso _____ grupo _____ deste Instituto, autorizo a recollida e a baixada do transporte escolar sen que estea ningunha persoa (pai/nai ou representante legal, proxenitores, ...) na parada do autobús, eximindo o centro e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade de calquera responsabilidade de danos ou lexiões indemnizables que poida sufrir.	
O pai/representante legal.	A nai/representante legal.
Asdo. _____	Asdo. _____